

DOSIER INFORMATIVO
CANDAINA 31 DE MAIO DE 2026

**ASOCIACIÓN
COMETA
CONCELLO
DE NARÓN**



Concello de
Narón

¿QUÉN SOMOS?

A protectora de animais Asociación Cometa é unha organización sen ánimo de lucro, inscrita legalmente no Rexistro Xeral de asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cautividade de Galicia, co número de rexistro C-012- AP, a cal leva dendo o ano 2004 traballando incansablemente polo benestar animal na zona de Narón e os seus arredores. O seu obxectivo principal é protexer e dar coidados aos animais abandonados, maltratados ou que se atopan nunha situación de risco.

Esta protectora conta cun equipo de persoas voluntarias comprometidas co benestar animal da zona de Ferrolterra, os cales adican o seu tempo libre en rescatar, rehabilitar e reinsertar a tódolos animais rescatados pola asociación.

Como resultado deste esforzo, a asociación Cometa, conta cun refuxio de animais inscrito no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en cautividade de Galicia na sección de establecementos de recollida de animais abandonados co número 15/054/082/CR.

¿CAL É O NOSO OBXETIVO?

O noso obxectivo principal é crear un espazo de encontro para que as persoas con e sen can disfruten de facer deporte ao aire libre dun xeito solidario para a recaudación de fondo económicos que se destinarán íntegramente á asociación Cometa e a súa labor.

Ademais, trátase de dar visibilidade a tenza responsable de animais, nun entorno urbán coa comprobación previa do estado de saúde dos animais, vacinas e chips.

O EVENTO:

Trátase dunha andaina e carreira solidaria a favor da asociación Cometa, na que poderá participar calquera persoa debidamente inscrita en tempo e forma, sen límite de idade nin diferenciación de sexo. Os menores de idade, poderán participar acompañados dun adulto (proxenitores, tutores legais ou autorizados polos mesmos) e se levará a cabo

no Concello de Narón.

Na zona da saída-meta, estará o posto da organización, e demais servizos operativos, onde se facilitará tódala información necesaria ao longo de todo o transcurso do evento. O finalizar a andaina, disfrutaremos de música en vivo e de varios sorteos.

¿CANDO?


Dito evento, levarase a cabo o día 31 de maio de 2026. Tendo que estar presente media hora antes da hora de saída. As 9:30 horas comezará a presentación do evento e ás 10:30 terá lugar a saída da carreira, e xusto despois do último corredor, sairá a andaina,

¿ONDE?

Trátase dun circuito marcado e controlado por persoas voluntarias e colaboradores que se realizará de xeito circular con saída e chegada ao parque de Xuvia, pasando polo Paseo da Ribeira, Camiño do Muiño, Senda peonil Xuvia – Freixeiro, Lugar de Cornido, collendo o Camiño Inglés, Lugar Outeiro e Muiño das Aceñas, todos eles pertencen ao Concello de Narón.


A totalidade do circuito serán aproximadamente 7 kilometros, que se programará en dúas modalidades, carreira e andaina, as cales comezarán con horarios distintos, sendo a carreira a primeira en saír co fin de non entorpecer ás persoas da andaina.

Adxuntamos imaxes do recorrido:



SUSCRIPCIÓN A STRAVA

Guardar ruta



SUSCRIPCIÓN A STRAVA

Guardar ruta

DORSAIS:

A recollida de dorsais máis o pack de benvida, por parte dos participantes será no establecemento colaborador Ali Hogar, sito en Polígono industrial Gándara, P.23 -15404 Ferrol dende o mércores día 27 de maio ata o venres día 29 de maio en horario de 17:00 horas ata as 20:00 horas. Se por motivos laborais, ou de outra índole non se puidera recoller nese horario, acordaríamos outro horario, sempre baixo a petición previa á organización e tamén o mesmo día do evento antes do seu inicio. A inscrición do dorsal mais o pack de benvida e de 10 euros.

Tamén contamos con “Dorsal 0” realizando unha doazón no numero de conta ES57 0049 3650 4027 1407 2384 titularidade : Asociación Cometa de Banco Santander.

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN:

CANDAINA 2026

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Calquera persoa debidamente inscrita en tempo e forma, sen diferenciación de sexo. Os menores de idade, poderán participar acompañados dun adulto (proxenitores, tutores legais ou autorizados polos mesmos) e os maiores de 69 anos non poderán participar, por limitacións de seguro.
- No se admitirán participantes que non estén inscritos mediante a plataforma oficial antes da data correspondente ou non leven o dorsal previamente entregado na comprobación dos seus datos. É obrigatorio para os participantes no evento, recoller os refugallos dos seus cans.
- En caso de participar dúas ou máis persoas co mesmo can (núcleo familiar, outros...) tódolos participantes deberán facer sempre unha inscrición por persoa, agás nos nenos e nenas menores de 4 anos.
- Será obrigatorio estar ao día das obrigas sanitarias en materia de tenza responsable e protección animal, segundo marca a actual Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais. Antes e durante o evento realizaranse controis aleatorios aos cans participantes, co fin da comprobación do cumprimento das condicións anteriormente descritas. A tal efecto os veterinarios acreditados pola organización, poderán requirir ás persoas participantes o número do microchip do can en calquera momento, polo tanto será obrigatorio a posesión da cartilla sanitaria do animal durante todo o evento.
 - *Recoméndase, pola seguridade do teu can e de outros, que conte coas súas vacinas actualizadas así coma a desparasitación animal ao día. Tamen recomendamos non dar auga os cans xusto o acabar a carreira, deixar un tempo de descanso ata que poidan beber.
- Neste evento non haberá diferenza de categorías de idade, non se usarán chips, nin haberá cronómetro, otorgaranse premios aos tres primeiros postos masculinos e aos tres primeiros postos femininos. Trátase dun evento popular, cun obxectivo solidario.
- Será obrigatorio, en caso de problemas de comportamento ou de socialización dos cans, acudir ao evento con boceira.

- Poderán participar cans incluídos no rexistro de cans potencialmente perigosos sempre e cando cumpran cos requisitos normativos e de seguridade.
- Tódolos cans, sen excepción, e durante todo o evento deberán ir suxeitos cunha correa, sendo aconsellable non usar correas flexibles.
- Queda prohibida a participación das femias en celo, polas dificultades que poidera provocar para o desenrolo do evento.
- Tódolos participantes serán responsables directos da comprobación e idoneidade das condicións físicas óptimas para a realización deste evento, tanto dos seus cans coma deles mesmos.
- Tódolos participantes serán responsables da comprobación da veracidade dos datos aportados na inscrición ao evento.
- Será obrigatorio seguir as indicacións de seguridade vial no lugar da realización do recorrido, ben sexan marcas, sinais ou indicacións por parte do voluntariado do evento.
- Tódalas inscricións son persoais e intransferibles.
- A Asociación Cometa con cif G15963234 e domicilio en Estrada do Feal s/n Narón, tratará os datos identificativos dos participantes e xestionará a súa inscrición no evento a través da plataforma 3, 2, 1 GO (www.321go.es).
- Para recoller o dorsa e o pack de benvida, será necesario a comprobación da correcta inscrición por parte da organización, cunha mostra do correo electrónico enviado pola plataforma oficial de inscrición. No caso de non poder acudir á recollida do dorsa e do pack de benvida, poderá ser recollido por outra persoa aportando unha autorización escrita e a mostra da inscrición do participante.
- Tódolos participantes deberán levar o dorsa de xeito visible durante todo o evento.
- A non recollida do dorsa e do pack de benvida nas datas e horas sinaladas, provocará a perda do dereito de reclamación dos mesmos por parte da persoa participante.
- No cumprimento da Lexislación vixente, a organización disporá de un seguro de responsabilidade civil, así coma un servizo de ambulancia na zona de saída-meta.
- Durante todo o evento, captaranse imaxes coa exclusividade e finalidade de difundir o mesmo a través de canles de titularidade da asociación. Así mesmo, poderán ser cedidas a medios de comunicación. Os participantes poderán compartir imaxes relacionadas coa súa participación no evento, mediante redes sociais.
- A inscrición no evento supón a aceptación tácita por parte do participante eximindo de toda responsabilidade legal á organización da Candaina 2026, por calquera incidente ou percance que puidera suceder tanto a persoa coma a can ao igual que no caso de que o can

infrinxa a outros, algún dano ou prexuízo durante a súa participación no evento renunciando a toda acción legal que puidera derivarse da súa participación na Candaina 2026.

- Non se devolverá o importe da inscrición baixo ningunha circunstancia.
- A organización da Candaina 2026 resérvase o dereito a modificar calquera cuestión do evento coa suficiente antelación para que as persoas participantes estén informados a través de medios de comunicación propios.
- Contacto para incidencias ou para calquera cuestión: correo@asociacioncometa.org na nosa paxina de Facebook ou no noso Instagram.
- Toda persoa que participe na Candaina 2026, sen estar correctamente inscrita o usen o dorsal oficial, faino baixo a súa responsabilidade e sen dereito a ningunha das prerrogativas das persoas debidamente inscritas e identificadas.

RESPONSABILIDADE

Tanto Asociación Cometa, organizadora da Candaina 2026, coma os seus colaboradores, non se fan responsables dos danos que puidesen causar ou causarse ás persoas participantes por imprudencias ou negligencias das mesmas.

Igualmente, as persoas participantes e os seus cans declaran estar en condicións físicas óptimas para realizar as probas obxecto do evento e fano, en calquera caso, baixo a súa responsabilidade, eximindo a Asociación Cometa e aos seus colaboradores da devandita responsabilidade.

O evento poderá ser suspendido por causas meteorolóxicas ou por causas de forza maior. A organización da Candaina 2026 resérvase o dereito de modificalo ou suspendelo, cando non se poida garantir a seguridade das persoas participantes.

RECOMENDACIÓN E ROGOS

- A Candaina 2026 non é unha carreira competitiva polo que non é obrigatorio que o can e/ou a persoa propietaria realicen un esforzo atlético na mesma. Admitirase trote e paseo, pero para maior comodidade do animal, recoméndase o uso de arnés e correa fixa e non de colar simple, en calquera caso é OBRIGATORIO que o can vaia en todo momento suxeito da man da súa persoa responsable. As correas extensibles non son apropiadas para correr co noso can durante a carreira. Eses 2, 5 ou 10 metros de distancia entre ti e o teu can supoñen un gran risco para a integridade física de todos.

- Ao tratarse dunha carreira non competitiva, non levarán a cabo clasificacións. Entregaránse premios aos 3 primeiros (3 homes e 3 mulleres) en chegar á meta de maneira simbólica.
- A organización da Candaina 2026 suxire aos participantes que durante o transcurso da Carreira, e para unha maior seguridade de todos, leven ao seu can no lado esquerdo.
- Candaina 2026 é un evento que se enmarca dentro das actividades de protección ambiental, por iso e polo sentido sanitario e cívico, é OBRIGATORIO para as persoas con cans participantes no evento recoller as feces fecais que o can poida deixar ANTES, DURANTE e DESPOIS do evento.
- Á finalización da Candaina 2026, no caso da carreira, recomendamos ás persoas participantes non dar inmediatamente auga aos cans participantes, senón deixar un tempo aproximado de 30 minutos para administrarlle.

ACTUACIÓN DE VOLUNTARIOS ACREDITADOS E IDENTIFICADOS

Os voluntarios acreditados e identificados que colaboran no desenvolvemento do evento terán autoridade para chamar a atención e mesmo expulsar a aquelas persoas que durante o percorrido xeren algún tipo de incidente ou calquera anomalía que poida provocar danos, perxuizos, etc... a outros participantes.

ACEPTACIÓN

- As Bases Legais de Participación en Candaina 2026 poderán ser modificadas pola organización sen previa consulta ás persoas participantes e en base a criterios que permitan un correcto desenvolvemento do evento.
- A participación no Evento Candaina 2026 implica a aceptación das presentes Bases Legais de Participación na súa integridade.